

**Convocatoria ordinaria 2026
FUNDAMENTOS ARTÍSTICOS II**

O exame consta de **4 preguntas de resposta obrigatoria**: a primeira de 4 puntos e as demais de 2 puntos. As tres primeiras sen apartados optativos; a cuarta con posibilidade de elección.

PREGUNTA 1. VISIÓN, REALIDADE E REPRESENTACIÓN. (4 puntos)

1.1. Lea atentamente O seguinte texto e explique o sentido da arte na obra artística de inicios do século XX. **(2 puntos)**

“O cubismo diferénciase da antiga pintura porque non é arte de imitación, senón de pensamento que tende a elevarse ata a creación.

Ao presentar a realidade-concibida ou a realidade-creada, o pintor pode dar a aparencia das tres dimensións, pode, en certo modo, cubicar.”

Guillaume Apollinaire, 1913 primeiro capítulo de *Méditations esthétiques. Les peintres cubistes*. Recollido por De Micheli, Mario (1981): *Las vanguardias artísticas del siglo XX*. Madrid: Alianza Forma, páxina 365.

1.2. Sendo vostede guía en prácticas no MoMA de Nova York, debe explicar o sentido do cubismo a un grupo de turistas xaponeses, perplexos ante a obra *Les Femmes d'Alger (O Version O)* de **Pablo Picasso**. **(2 puntos)**



PICASSO, Pablo (1907): *Les Femmes d'Alger (O Version O)*. Óleo sobre tea, 243,9 x 233,7 cm, MoMA, Midtown, Nova York.

PREGUNTA 2. ARTE E EXPRESIÓN. (2 puntos)

Identifique e describa o estilo artístico ao que pertence esta obra de **Joseph Mallord William Turner**. Analice as súas características estilísticas. Engada algún autor ou autora que pertenza ao mesmo movemento.



TURNER, Joseph Mallord William 1834-1835: *The Burning of the House of Lords and Commons, 16th October 1834*. Óleo sobre tea, (92,1 x 123,2 cm), Philadelphia Museum of Art.

PREGUNTA 3. VISIÓN, REALIDADE E REPRESENTACIÓN. (2 puntos)

Identifique e describa o estilo artístico ao que pertence esta obra de **Wassily Kandinsky**. Analice as súas características estilísticas. Engada algún autor ou autora que pertenza ao mesmo movemento.



KANDINSKY, Wassily, 1914: *"Improvisation Klamm"*. Óleo sobre tea, (110 x 110 cm.). Lenbachhaus, Munich.

PREGUNTA 4. OS FUNDAMENTOS DA ARTE. (2 puntos)

Atendendo ao contido simbólico e á diferenza de percepción entre a época das obras propostas e a actualidade, compare unha delas con obras doutros autores ou autoras, aínda que sexan de diferentes disciplinas artísticas:

4.1. *"The Burning of the House of Lords and Commons, 16th October 1834"* de Turner. **(2 puntos)**

4.2. *"Improvisation Klamm"* de Kandinsky. **(2 puntos)**